



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número

37

/2024

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O USO DO COMEDOR DO IES ROSALÍA MERA POLOS/AS USUARIOS/AS DA RESIDENCIA UNIVERSITARIA ELVIRA BAO DA CORUÑA (curso 2024/2025)

Na Coruña, a 10 de xuño de 2024.

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Doutra, Don Ricardo Cao Abad, Reitor da Universidade da Coruña (en adiante UDC) en virtude do Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de A Coruña (DOG do 15 de xaneiro de 2024), e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (BOE do 23 de marzo de 2023), e o artigo 36.1.f dos Estatutos da UDC, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro de 2007).

Todas as partes recoñécense reciprocamente a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

1.- Co obxecto de atender a demanda e as necesidades do estudantado universitario, a Deputación da Coruña, mediante acordos plenarios adoptados polo Pleno da Corporación en sesións celebradas o 8 de outubro de 2015, o 6 de novembro de 2015 e o 29 de xaneiro de 2016, aprobou definitivamente o expediente de desafectación parcial do Centro Calvo Sotelo (hoxe Rosalía Mera) e a cesión de uso á Universidade

da Coruña, para a súa utilización como residencia universitaria, aprobándose tamén o convenio de cesión de uso.

2. O 23 de novembro de 2015, formalizouse en documento administrativo número 176/2015 o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A CESIÓN DE USO DE PARTE DO EDIFICIO DO CENTRO CALVO SOTELO (hoxe Rosalía Mera) PARA A SÚA UTILIZACIÓN COMO RESIDENCIA UNIVERSITARIA.

3. O 23 de xullo de 2018 asinou se acta de recepción das obras do proxecto modificado do acondicionamento da residencia do Centro Calvo Sotelo (Fase I e Fase II), hoxe Rosalía Mera.

4. De conformidade coa cláusula décimo terceira do texto do convenio, a UDC redactou o estudo de viabilidade.

5. Por resolución da Presidencia número 26712 de data 07 de agosto de 2018, aprobouse a formalización da acta de entrega á UDC para Residencia Universitaria Elvira Bao, que supuxo a posta en servizo da primeira residencia pública universitaria na cidade da Coruña.

6. A acta de entrega da Residencia formalizouse o 10 de agosto de 2018.

7. Unha vez que a Universidade da Coruña asumiu a xestión da Residencia Elvira Bao e realizou a primeira fase de selección de alumnos que se aloxarán nela, procede regular o uso por parte deste alumnado das instalacións do edificio colindante do Calvo Sotelo (agora Rosalía Mera), en particular da posibilidade por parte do alumnado da Residencia Elvira Bao de utilizar o comedor do Rosalía Mera para realizar os almozos, as comidas e as ceas.

8. O convenio asinou se o 20 de decembro de 2019, formalizándose en documento administrativo número 102/2019 e tiña unha vixencia para os cursos 2018/2019 – 2019/2020.

9. O 14 de setembro de 2020, asínase CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O USO DO COMEDOR DO IES CALVO SOTELO POLOS/AS USUARIOS/AS DA RESIDENCIA UNIVERSITARIA ELVIRA BAO DA CORUÑA (cursos 2020/2021 e 2021/2022), formalizándose en documento administrativo número 55/2020, sendo que o prazo de vixencia do convenio finalizará o 30/07/2022 e tiña efectos retroactivos dende o 01 de setembro de 2020.

10. O 27 de xullo de 2022 asínase un novo convenio entre A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O USO DO COMEDOR DO IES ROSALÍA MERA POLOS/AS USUARIOS/AS DA RESIDENCIA UNIVERSITARIA ELVIRA BAO DA CORUÑA (curso 2022-2023), formalizándose en documento administrativo número 61/2022, sendo que o prazo de vixencia finalizou o 30.06.2023 a efectos de uso de comedor e finaliza a 31 de decembro de 2023 a efectos de liquidación. Tivo efectos dende o 01 de agosto de 2022.

11. O 7 de setembro de 2023 asínase un novo convenio entre A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O USO DO COMEDOR DO IES ROSALÍA MERA POLOS/AS USUARIOS/AS DA RESIDENCIA UNIVERSITARIA ELVIRA BAO DA CORUÑA (curso 2023-2024), formalizándose en documento administrativo número 75/2023, sendo que o prazo de vixencia finalizou o 30.06.2024 a efectos de uso de comedor e finaliza a 31 de decembro de 2024 a efectos de liquidación. Tivo efectos dende o 01 de agosto de 2023.

12. Tendo en conta que a experiencia de xestión e colaboración coa UDC foi moi proveitosa e exitosa para o emprego do comedor por parte dos alumnos da Residencia Elvira Bao, ambas institucións consideran de grande interese seguir colaborando na citada actuación.

Por todo iso, as partes asinantes, para lograr unha maior eficacia na consecución dos seus fins, subscriben este convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

É obxecto do presente convenio establecer as condicións de uso por parte dos usuarios da Residencia Universitaria Elvira Bao do comedor da Residencia do IES Rosalía Mera durante o curso 2024/2025

Segunda. Obrigas das partes

A Deputación Provincial da Coruña pon a disposición dos alumnos da Residencia Elvira Bao, o comedor da residencia do IES Rosalía Mera nas seguintes condicións:

1.- Organización do comedor

Estará rexido polas mesmas normas de organización e funcionamento da residencia do IES Rosalía Mera

1.1. Requisitos previos. Procedemento de utilización do comedor.

A UDC ten o deber de informar ao Centro Rosalía Mera da identidade dos/as residentes que estarían autorizados a recibir as prestacións do centro, coas altas e as baixas que se poidan producir durante o curso académico.

Para os casos nos que exista problemática continuada de asistir ao comedor de maneira presencial, poderase ofrecer ao alumnado universitario a posibilidade de anotarse, a aqueles días da semana que fará uso do comedor (días completos), tal e como se fai co alumnado do IES Rosalía Mera.

Tamen se poderá ofrecer ao alumnado a posibilidade de anotarse, só ao réxime de comida, aqueles días da semana que fará uso do comedor. Todo elo co informe favorable da responsable da Residencia Universitaria Elvira Bao para regular de

maneira máis específica as condicións e as reducións correspondentes das tarifas establecidas neste convenio.

Para unha adecuada prestación do servizo, a Universidade, mensualmente e antes do día 20 de cada mes deberá comuniar ao IES Rosalía Mera os/as usuarios/as que utilizarán o comedor o mes seguinte, e as intolerancias/alérxias alimentarias previamente verificadas documentalmente pola Universidade. Esta comunicación poderá ser electrónica pola UDC, coa relación de usuarios/as autorizados/as, a fin de facer máis áxil o envío desa información.

1.2. Horarios:

ALMORZO: de luns a venres de 7:30 a 8:45

XANTAR: de luns a venres de 14:00 a 15:30

CEA: de domingo a xoves 20:30 a 21:30

Os menús serán os mesmos que os dos/as alumnos/as do IES Rosalía Mera

1.3. Calendario

O servizo de comedor estará dispoñible desde o inicio do curso ou dende a sinatura do convenio correspondente que regule o uso do comedor ata o final do curso, exceptuando vacacións, festivos e días non lectivos do IES Rosalía Mera, dos que se informarán aos responsables da universidade con suficiente antelación

1.4. Condicións de acceso

Os/as universitarios/as residentes na Residencia Universitaria Elvira Bao que acudan ao comedor terán que identificarse á entrada do mesmo.

2. Prezos e liquidacións

A Deputación Provincial da Coruña percibirá da UDC unha compensación anual polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste convenio polo curso 2024-2025, co importe correspondente en euros/mes/alumno/a (inclúe os meses de setembro a xuño) seguindo a táboa de prezos desagregada segundo o réxime e o número de días a semana.

PREZOS MENSUAIS DO COMEDOR UNIVERSITARIO CURSO 2024/25				
Nº SEMANA	DÍAS	A	RÉXIME EXCLUSIVAMENTE XANTAR	RÉXIME COMPLETO
1			18,08 €	45,20 €
2			36,16 €	90,40 €
3			54,24 €	135,60 €
4			72,32 €	180,80€
5			90,40 €	226,00€

Nos casos de alumnado que formen parte dunha familia numerosa de categoría xeral, a compensación a recibir será a establecida na seguinte táboa, desagregada segundo o réxime e o número de días a semana:

PREZOS MENSUAIS DO COMEDOR UNIVERSITARIO FAMILIA NUMEROSA DE CATEGORÍA XERAL CURSO 2024/25				
Nº SEMANA	DÍAS	Á	RÉXIME COMIDA	RÉXIME COMPLETO
1			09,04 €	22,60 €
2			18,08 €	45,20 €
3			27,12 €	67,80 €
4			36,16 €	90,40 €
5			45,20 €	113,00€

A Deputación Provincial da Coruña non percibirá da UDC compensación anual polos alumnos que formen parte dunha familia numerosa de categoría especial.

A dita compensación, que ten a consideración de ingreso de dereito público, será satisfeita conforme a liquidación do prezo concertado presentada pola Deputación Provincial da Coruña, despois de ter finalizado o curso 2024-2025 e sempre anterior ao 15 de decembro de 2025, de acordo ao procedemento que se aprobe por Resolución da Presidencia da Deputación a proposta da Tesourería provincial.

A documentación acreditativa da pertenza dos alumnos a familias numerosas de categoría xeral ou especial deberá ser presentada pola UDC previamente á liquidación do prezo concertado.

Deberase ter en conta o artigo 4.2 da ordenanza nº 12 reguladora do prezo público por servizos na residencia de estudantes do IES Rosalía Mera publicada no BOP número 117, do 23 de xuño de 2021, na que se recolle entre outros aspectos que:

Procederá a exención ou bonificación cando se ostente a condición de beneficiario/a de familia numerosa ao comenzo do curso académico ou escolar en que deba ser aplicado. Se nesa data estivese o título en tramitación, poderán obterse os referidos beneficios acreditando a presentación da solicitude de recoñecemento o renovación, así como unha declaración responsable da categoría na que a familia numerosa queda clasificada. Se antes do 31 de decembro do ano corrente non se puidese acreditar a vixencia do título, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e procederase ao abono do seu importe. Cando o título concedido fora de inferior categoría á declarada, deberase aboar a diferenza que corresponda.

A perda da condición de membro de familia numerosa e o cambio de categoría durante o curso académico non alterará o disfrute e contía do beneficio ata a terminación deste.

Cando no/a alumno/a beneficiario/a de familia numerosa concorrisen outra ou outras causas de exención ou bonificación, acumularanse todas as vantaxes que non supoñan duplicación do mesmo beneficio.

3. Disponibilidade de prazas de comedor

O número de prazas ofertadas polo IES Rosalía Mera é de 70 prazas.

Terceira. Comisión de seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento dos compromisos adquiridos no presente convenio, ademais de para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento que estará composta por dous representantes de cada unha das partes asinantes, que se encargarán de garantir o seu cumprimento eficaz e acordar, se for preciso, as accións necesarias para o seu correcto funcionamento.

O funcionamento da comisión axustarase ao que dispón a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Comisión reunirse, en sesión ordinaria, unha vez por curso académico e de forma extraordinaria por petición de calquera dos seus membros se non fora dabondo a frecuencia anual.

No caso de que, tras calquera avaliación, se constatase a existencia dalgún incumprimento dos compromisos do convenio por calquera das partes, a Comisión instará a quen corresponda a resolver o problema detectado e, na súa falta, informará diso oportunamente aos representantes das partes, para a decisión que estes estimen procedente, incluída, de ser o caso, a resolución unilateral do convenio, de acordo co previsto na cláusula quinta.

Cuarta. Modificación do convenio

Calquera modificación ou ampliación nalgunha das cláusulas deste convenio requirirá proposta da comisión de seguimento e os correspondentes informes por parte do Servizo de Patrimonio e Contratación e Secretaría e Intervención da Deputación e dos departamentos correspondentes da Universidade e aprobación polos respectivos órganos competentes.

Quinta. Resolución do convenio

Este convenio poderase resolver polas seguintes causas:

- Por acordo das partes asinantes.
- Por causas debidamente xustificadas que comunique por escrito calquera das partes, cun mínimo de un mes de antelación á data de resolución.

- Por denuncia do convenio por calquera das partes no caso de que, con motivo das valoracións de cumprimento que efectúe a Comisión de Seguimento prevista na cláusula terceira se constate que algunha delas non está a cumprir adecuadamente os compromisos adquiridos na súa virtude, e non fosen tomadas as medidas oportunas para corrixir o problema detectado.
- Por demora superior a seis meses do prazo para o ingreso das liquidacións pola utilización do comedor.

A revogación ou denuncia do convenio por unha das partes terá efectos dous meses despois de ser notificada ás outras partes por escrito en que se expresa a vontade de prescindir de toda ou parte da colaboración que recolle este convenio.

Sexta. Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa de conformidade co previsto no artigo 6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Polo que respecta ao funcionamento da comisión de seguimento, rexerese pola 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sétima. Resolución de conflitos

Mediante a sinatura do presente convenio, as partes comprométese a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e a execución do presente convenio e que non poida resolver a Comisión de Seguimento prevista na cláusula cuarta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava. Protección de datos de carácter personal

Os datos persoais das persoas usuarias do comedor cedidos pola UDC serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de xestionar o uso do comedor do IES Rosalía Mera polas persoas usuarias da residencia universitaria Elvira Bao. A UDC deberá informar ás persoas usuarias das condicións da cesión.

A lexitimación para o tratamento dos datos efectuado pola Deputación da Coruña como responsable do tratamento baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no RXPD poden reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa [Política de Privacidade](#) ou dirixir un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Novena. Vixencia e entrada en vigor

O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31/12/2025 a efectos de liquidación e terá efectos dende o 01/09/2024. O convenio poderá prorrogarse excepcionalmente por un ano máis de forma expresa, a proposta da Comisión de seguimento, previos os informes do Servizo de Patrimonio e Contratación e Secretaría e Intervención da Deputación e dos departamentos correspondentes da Universidade e aprobación polos respectivos órganos competentes.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e sométense ao acordado en todas as cláusulas.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia número 23325 de data 04 de xuño de 2024.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Valentín González Formoso

**O REITOR DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Asdo.: Ricardo Cao Abad

**A SECRETARIA XERAL DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Amparo Taboada Gil